



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MSL

Extracto da resolución da Concelleira delegada de Cultura, Xuventude, Innovación e Novas Tecnoloxías data 04/08/2023 pola que se acorda aprobar a convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais para o ano 2023.

Primeiro.-Beneficiarios.

Entidades culturais sen ánimo de lucro, que deberán estar legalmente constituídas e non estar incursoas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción das axudas ou subvencións públicas.

As entidades solicitantes, deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención.

-Que os seus estatutos teñan obxectivos e finalidades culturais.

- Estar inscritas nen o Rexistro de Asociacións de Galicia, e no Rexistro de Asociacións do Concello das Pontes de García Rodríguez ou no rexistro de Fundacións de Galicia.

- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello ou sobre temas de interese para o Concello.

Segundo.-Obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, dirixidas ás entidades culturais para o ano 2020. O Concello das Pontes de García Rodríguez quere pola presente convocatoria dar apoio ás entidades culturais e contribuír para que consigan os obxectivos que lles son propios, fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo deste xeito a impulsar a democratizar a sociedade.

Terceiro.- Bases reguladoras.

O programa rexerase polas bases reguladoras específicas, que foron publicadas no BOP número 152, do 08 de agosto de 2023, dispoñibles en:

https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2023/08/10/2023_0000006535.pdf

Cuarto.-Contía.

Destinaranse un importe de 157.700,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2023.334.48900 e de 22.300,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2023.334.78000

Quinto.- Criterios de valoración.

Os criterios de valoración son os establecidos na base das Bases reguladoras específicas.

Sexto.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude terá exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través da sé electrónica



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MSL

do Concello: <https://sede.aspontes.com/e/index.html>. Só poderase presentar unha solicitude por titular (si preséntanse máis, só se valorará a primeira).

O prazo será dun MES contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Sétimo.- Prazo de xustificación.

O prazo de xustificación das subvencións finalizará o día 30 de novembro de 2023, aínda que antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora.

Oitavo.- Compatibilidade con outras axudas.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.